

## GRUPO PROVINCIAL

**D<sup>a</sup>. Montserrat Lama Novoa**, Voceira do Grupo provincial de Ciudadanos - Partido de la Ciudadanía da Deputación Provincial de Ourense, en base ao previsto nos artigos 91 e 97 do ROF, e de acordo á Lei de Base Reguladora do Réxime Local e o Regulamento da Corporación, presenta a seguinte MOCIÓN para o seu coñecemento e posterior aprobación se procede:

### **Proxecto piloto - PLAN DE NATALIDADE - (adaptado ás necesidades reais da nosa provincia)**

De todos é sabido o gran problema de natalidade que sofre a nosa provincia: un nacemento por cada 3 falecementos.

A natalidade toca fondo, na provincia máis envellecida, e os indicadores demográficos son cada vez menos esperanzadores.

No ano 2018 naceron en Ourense 1488 rapaces, uns datos desalentadores.

É necesario que todos os partidos políticos sexamos capaces de recoñecer o problema, e facer un novo diagnóstico da situación.

Como podemos observar na seguinte táboa, a situación e verdadeiramente preocupante:

Nacementos na provincia de Ourense										
2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018
2.156	2.058	2.054	1.973	1.933	1.863	1.855	1.835	1.781	1.709	1.488

No ano 2019 a situación, lonxe de mellorar, vai a peor, os datos oficiais do primeiro semestre son lixeiramente peores ca os do ano anterior.

Por outra banda, se nos fixamos no saldo vexetativo da nosa provincia para intentar buscar solucións, a esta problemática, a paisaxe e totalmente desoladora.

## Saldo vexetativo na provincia de Ourense

2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018
-2.550	-2.456	-2.565	-2.663	-2.798	-2.670	-2.545	-2.837	-2.885	-2.984	-3.251

Levamos 25 anos de saldo vexetativo negativo.

O crecemento vexetativo da provincia de Ourense, ademais de negativo, é alarmante e preocupante, saldo en números roxos de 3251 persoas menos en solo 1 ano.


O tempo esgotase e temos que intentar revertir esta situación. E para iso unha das posibles solucións e acabar ca seca de nacementos na nosa provincia.

## EVOLUCIÓN NATALIDADE PROVINCIA DE OURENSE



As cifras que observamos no gráfico anterior deixan unha imaxe desoladora a medio prazo, se analizamos a composición dos fogares e tomamos como referencia a aqueles que teñen nela un menor de 5 anos, as cifras son xa máis que preocupantes. E é que 120.567 dos 128.467 fogares que se forman actualmente no territorio ourensán non teñen ningún pequeno, o que significa que o 94% dos fogares habitados na provincia carecen de pequenos. Ao aumentar o limiar aos 16 anos, o 82% dos fogares ourensáns carece de ningunha persoa nesa franxa de idade.

Tasa Bruta de Natalidad por provincia  
Indicadores Demográficos Básicos Provincias, 2018



O Gráfico que se observa explica, claramente, a situación que estamos a vivir. É necesario coñecer a realidade dos problemas, para poder atallalos, e sen dúbida, o factor económico, na provincia de Ourense, é fundamental para aumentar a Natalidade. Podemos observar que existen varias razóns de peso que nos levan a esta cifra de nacementos:

- Por unha banda, decisión das mulleres a non optar a ser nais e decidir libremente outra forma de vida.
- A dificultade para atopar traballo ou o medo a perdelo.
- O gasto económico que supón para unha familia ter que criar a un fillo e poder manter economicamente todos os custos, incluídos os de conciliación, supón, na maioría das casos, unha barreira para crear ou aumentar unha familia.

Segundo todos os datos anteriores e, facendo unha valoración o máis obxectiva posible, cremos que estamos a dirixirnos cara un complicadísimo problema **demográfico**.

Por elo vemos necesario que a DEPUTACIÓN PROVINCIAL faga unha aposta real polo fomento a NATALIDADE e apoie as seguintes medidas que a continuación se detallan, para ofrecer unhas achegas sostidas no tempo, para que calquera parella poida optar a crear unha familia, ou aumentala.

Tamén é prioritario que se aumente a partida orzamentaria existente, unha estimación que se fixo nesta moción, tendo en conta:

- Nacementos dos dous últimos anos
- Nacementos nos concellos de grao 0, 1, 2 e 3.
- Renda media das familias da provincia de Ourense.
- Solicitudes do programa ChegOU

- Número de partos múltiples.
- Familias monoparentais ourensás.

Por todo o anteriormente exposto, propoñemos ao pleno os seguintes **ACORDOS**:

**1.- Instar a Deputación de Ourense a que estude a posibilidade de por en funcionamento o seguinte plan en prol da natalidade da provincia de Ourense.**

Axudas ao Fomento a Natalidade durante os **3 primeiros anos**:

Para os nenos nados, adoptados ou acolleitos con carácter permanente en 2020:

**a.-** A achega será de 1.200 € por cada fillo nado, en concellos de grao 0, grao 1 e grao 2, cuxas unidades familiares cumbran algunha das seguintes condicións:

-Aquelas unidades familiares cuxa suma de bases liquidables xerais sexa inferior a 45.000 €

-Aquelas unidades familiares cuxa suma de bases liquidables xerais dividida entre o número de membros da unidade familiar sexa inferior a 15.000 € , aínda cando a suma das bases liquidables superen os 45.000 €

-Para aquelas unidades familiares cuxa suma de bases liquidables xerais sexa superior a 45.000 €, a subvención será de 800 € por cada fillo nado no prazo estipulado.

**b.-** A achega será de 1.800 € por cada fillo nado, en concellos de grao 3, cuxas unidades familiares cumbran algunha das seguintes condicións:

-Aquelas unidades familiares cuxa suma de bases liquidables xerais sexa inferior a 45.000 €

-Aquelas unidades familiares cuxa suma de bases liquidables xerais dividida entre o número de membros da unidade familiar sexa inferior a 15.000 € , aínda cando a suma das bases liquidables superen os 45.000 €

-Para aquelas unidades familiares cuxa suma de bases liquidables xerais sexa superior a 45.000 €, a subvención será de 1000 € por cada fillo nado no prazo estipulado.

**c.-** A achega será de 1.500 € por cada fillo nado en familias monoparentais.

**d.-** A achega será de 1.600 € por cada fillo nado cando ningún dos membros da unidade familiar haxa ter obrigación de presentar declaración do IRPF

**e.-** A achega será de 500 € extra a maiores da axuda por cada fillo nado cando o parto sexa múltiple.

## **2.- Instar a Deputación de Ourense a que dote de orzamento esta iniciativa.**

Estímase un orzamento de 1.600.000 € o primeiro ano que terá que ir crescendo os vindeiros anos ata chegar a supor o 5% do presuposto da Deputación de Ourense, que é a cantidade que se debería empregar ante a alarmante situación que estamos a vivir.

2021	2022	2023
1.600.000 €	3.200.000 €	4.800.000 €
		5% Orzamento

**3.- Instar a Deputación de Ourense a realizar unha campaña de concienciación e promoción da natalidade, dando a coñecer as novas axudas sempre desde o respecto das liberdades individuais.**

**4.- Instar a Comisión do Reto Demográfico da Deputación de Ourense que estude a necesidade de levar a cabo este plan.**

**5.- Instar a Deputación de Ourense a crear unha comisión de seguimento que será encargada de avaliar a efectividade e estimar o orzamento de vindeiros anos segundo se cumpran ou non as expectativas do plan de natalidade.**

Ourense, 13 de Febreiro de 2020

D.ª. Montserrat Lama Novoa

---

**SR. PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE**